

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

B. PROPOSICIÓNS DE LEI

PRESIDENCIA

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 5 de outubro de 1987, admítase a trámite a Proposición de Lei formulada polo G.P. Mixto, a iniciativa de D. Xosé Manuel Beiras Torrado, de medidas urxentes para a recuperación e desenvolvemento dos eidos económico e socio-cultural de Galicia (n.º 7.875).

De conformidade co disposto nos artigos 65 e 123,1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial desta Cámara.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 1987.

O PRESIDENTE

Tomás Pérez Vidal

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de Xosé M. Beiras Torrado, Deputado do Bloque Nacionalista Galego (BNG), presenta a seguinte Proposición de Lei de medidas urxentes para a recuperación e desenvolvemento dos eidos económico e socio-cultural de Galicia, ó amparo do disposto no artigo 122,2.º do Regulamento, coa seguinte exposición de motivos e o articulado que leva anexo.

Exposición de motivos:

Dentro do conglomerado plurinacional que compón a base real da superestrutura política coñecida como Estado español, Galicia ocupa unha posición periférica, non xa no senso de xeografía física —que tamén— senón no socio-económico e socio-cultural, que é o relevante para a dimensión política dos problemas. Baixo o aparello xurídico-político do Estado español, a modalidade de inserción da nación galega faina desempeñar obxectivamente a función dunha colonia interior, e tamén é a peculiar dunha colonia interna a problemática cardinal ínsita na súa propia estrutura social nas diversas dimensións nas que ela se proxecta e plasma de xeito concreto-económica, clásica, idiomática e política.

Esa índole periférica e colonial non constitúe un feito nin sempiterno nin arcaico nin estático. A súa vivencia é histórica, agroma coa aparición do primeiro

Estado moderno “castelán-aragonés” a fins do século XV, xéstase coa lentísima transición do feudalismo ó capitalismo no ámbito dese Estado e mais na configuración desa concomitante superestructura estatal mesma, consúmase a partir da definitiva implosión do desenvolvemento capitalista na segunda metade do XIX e evoluciona morfoloxicamente nos seus caracteres accidentais ó longo das diversas fases sucesivas mais non rectilineamente xustapostas na secuencia dese proceso de desenvolvemento ata hoxe. Non se trata polo tanto —reiterémolo— dun feito arcaico, sempiterno, estático nin inmutable, mais abrangue a totalidade do período máis relevante para a xénese e a caracterioloxía da problemática política actual, é dicir, dende o albor dos tempos modernos no contexto do renacemento europeo ata o presente histórico e da nosa xenuinidade política arraigañan as raiceiras de tódolos fenómenos cardinais que constitúen problemas políticos de rango crucial e determinante para a nosa vida colectiva, para o noso benestar material e cultural e mais para o noso destino histórico de hoxe en diante.

Sen inserción colonial e periférica de Galicia no Estado español non resultaría congruente nin se explicaría a vivencia actual da nosa peculiar estrutura de clases, do desartellamento interno do noso aparello productivo, da sistemática espoliación dos nosos recursos naturais e enerxéticos, das peculiares e endémicas formas de agresión vandálica ó equilibrio ecolóxico do noso entorno físico, da superexplotación combinada da nosa forza de traballo, da reducida proporción da modalidade do traballo asalariado e a inusitada magnitude do volume da forza de traballo simbiótica dentro do conxunto da poboación ocupada, do alarmante grao de senescencia da nosa demografía, da letal drenaxe de recursos financeiros por canles privadas e públicas, da emigración endémica só colapsada temporalmente por factores estrictamente esóxenos, do crecemento cara a fóra en que redundan as pulsións motrices da nosa economía, da extraversión da nosa base económica na esfera da produción, da inserción contra natura da nosa economía na división internacional do traballo no ámbito do Estado español e alén del, da aberrante asimetría entre as nosas especializacións productivas potenciais e a realidade da nosa estrutura productiva e do noso comercio externo, da diglosia lingüística, do autoodio no plano psicosocial, das formas esquizoides de comportamento socio-político, das peculiares formas de alienación ideolóxica, da posesión en exclusiva da inconfundible modali-

dade de clientelismo político denominada caciquismo e da peculiar función obxectiva desa forma de intermediación política, en fin, ata da ameaza mesma de extinción como pobo.

A intencionadamente longa ladaíña de fenómenos aquí enunciados, que, aínda así, resulta fragmentaria e incompleta, constitúe tan só unha mostra da variada sintomatoloxía social na que se fai manifesta, metamorfoseada, a condición periférica e colonial da nación galega. Cando a estulticie dalgún político nos ameaza denigratoriamente en termos condicionais con asemellarnos a países africanos e terceiro mundistas tomados como referencia pexorativa, mal sabe el na súa soberbia inconsciencia que terceiro mundo xá somos e dos africanos negros só nos diferenciamos esencialmente na cor física da pel, e só deixa de ser certo o carácter pexorativamente inculpatório da referencia admonitoria, non a realidade desa identidade periférica e colonial como feito en si e nas súas consecuencias máis determinantes para a nosa problemática política. Con ese feito non abonda para explicalo todo, mais sen el non se explica nada: é unha condición necesaria, aínda que se cadra non suficiente, da intelixibilidade comprensiva —no senso da “*verstehende philosophie*”— e, xa que logo, global da nosa específica problemática socio-política. Mais, á propia vez, sen explicar e comprender esa índole esencial do noso ser social, non cabe actuar politicamente en Galicia con certidume e eficacia progresista dende institucións de autogoberno real ou pretensamente tales.

No último decenio da nosa historia presente, a crise pola que atravesamos a economía capitalista e maila adhesión do Estado español á C.E.E. agravaron e metamorfosearon a un tempo o feito e as consecuencias da nosa condición periférica e colonial. Agravárona cualitativamente nos seus rangos esenciais; metamorfoseárona na fasquía dos seus caracteres accidentais. Fixérono así a un tempo porque coincidiron no mesmo período, que ademais resulta ser precisamente o aberto no punto de transición da longa noite de pedra celsoemiliana que constitúe o rexime fascista español á desencantada posmodernidade do novo rexime constitucional da actual restauración. E fixérono así outra volta porque, dende hai douscentos anos, cada paso cualitativo dunha fase a outra do desenvolvemento capitalista no ámbito do Estado español leva suposto cadansúa agravación dunha mesma e constante condición esencialmente periférica e colonial de Galicia.

A crise non é un produto de xestación endóxena na economía galega, madaia leva, senón enésima erupción

dunha doenza conxénita do centro do sistema, e por alígo a súa metástase xurdiu aquí cun retraso temporal de máis dun lustro respecto do seu brote orixinario. Mais a súa incidencia nunha periferia subdesenvolvida como a galega maniféstase cunha meirande magnitude relativa e unha máis mortífera virulencia cualitativa respecto da dimensión e feito do noso aparello productivo.

Sabido é que toda a crise merecente de tal nome expresa unha reestructuración do capital e supón unha aceleración e mutación cualitativa no seu constante proceso de concentración e centralización, de xeito que as súas consecuencias son sensiblemente diferentes na cabeceira e nas terminais da urdime estrutural do sistema, no centro e na periferia do conglomerado capitalista, sobre de todo nestas dúas dimensións cruciais: o reparto das cuotas de poder socio-económico e socio-político, e mailo modelò e resortes endóxenos do crecemento económico. Se, amais diso, unha periferia ten que aturar-la incidencia da crise nesta fase de hexemonía do capital financeiro e dos centros e urdas de poder económico transnacionais, como é o caso que arestora lle cadra en sorte aturar a Galicia, a gravidade política do problema non precisa ser suliñada: resulta abondo ostensible de seu nos seus termos globais e as mostras concretas exemplificadoras dos seus desaprensivos métodos tamén están ben á vista arredor de nós, dende a ruína intencionada da única siderurxia non integral que recicla ferro vello e emprega enerxía eléctrica nun país sobrance de dela en máis do cincuenta por cento da súa produción, ata a vandálica queima de montes por enigmáticos centros, se cadra foráneos, de poder oculto que apostan a desertizar e substituír masas forestais de frondosas e de coníferas de freba longa por pirófitas especies de freba curta, máis acaídas ás novas preferencias tecnolóxicas industriais do ramo, mentres as poderosas sociedades opulentas do embigo do sistema se reservan as limpas tecnoloxías “de punta” e a conservación de “greenlands” e fragas suntuarias a esgalla para disfrute da postindustrial cultura do lecer polos seus privilexiados e polidos cidadáns, espello de imbéciles para os paifocos indíxenas periféricos que soñan con imitalos algún día e que endexamais chegará por ese vieiro.

Por outra banda, a adhesión do Estado español á C.E.E. supuxo para Galicia, nos termos máis custosos e imaxinables aquén do puro delirio, a integración for-

sa nunha estrutura supraestatal que xa está a inducir, en paradoxa só aparente, a desintegración máis gravosamente desvertebradora da nosa feble estrutura productiva e aniquiladora dos tateantes centros de decisión autóctonos que couberse imaxinar sequera hai aínda só dúas décadas. Se para as camadas populares equivale ó desterro no propio país sen sequera emigraren, para os sectores burgueses e empresariais que teñen o centro de gravidade e o espazo autóctono dos seus intereses e capitais dentro dos lindes da economía galega supón a condena a seren axiña deglutidos e fagocitados ou no mellor caso enfeudados, e mais lévaos a entrar en aberta contradicción obxectiva coas instancias políticas, sexan institucionais ou partidarias nas que sobrancean os intereses hexemónicos dos seus propios devoradores e fagotizadores, pero nas que ata agora eles coidaban, e se cadra aínda coidan, estar politicamente representados e ter politicamente instrumentalizada a defensa dos seus específicos intereses.

Ei-las causas profundas da mal chamada crise de gobernabilidade que atravesa Galicia e dos epidérmicos sarabullos que inzan na pelexa do corpo político institucional e partidario galego, mesmo se os máis dos seus protagonistas, sexan actores sociais ou cadros políticos, non teñen consciencia delas. Ei-los eixos cardinais da problemática política de fondo na Galicia de arestora. Eis, sobre de todo, os focos xeradores dos problemas máis sobranceiros que as instancias políticas galegas teñen a ineludible obriga de formular, analizar e atallar; os problemas perante os cales as institucións políticas que se autoproclaman de autogoberno galego teñen que poñer a proba a veracidade desa autodefinición, tanto no labor legislativo coma no executivo; os problemas, en suma, fronte ós cales as forzas partidarias comprometidas a gobernar teñen que poñer en disposición de ataque as súas baterías de trebellos políticos e demostrar a fiabilidade dos seus programas. Eis, en fin, a razón pola que o Bloque Nacionalista Galego, sen fachenda ningunha pero tamén sen concesións para calquera caste de política de simulación, considera preciso aportar a esta Cámara unha proposta legislativa que encadre un mínimo programático de medidas urxentes para encarar politicamente dende as institucións as cuestións primordiais na grave problemática presente do noso país.

A presente Proposición de Lei de medidas urxentes para a recuperación e desenvolvemento dos eidos económico e socio-cultural na Galicia debe ser un instrumento xurídico polo que o corpo institucional da Comunidade Autónoma actúe no camiño de frea-la destrución sistemática á que veñen sendo sometidas as distintas ponlas de produción nos diferentes eidos eco-

nómicos e a recuperación dos sinais de identidade culturais que este pobo ten e que se atopan en perigo.

Conscientes da dificultade que supón a articulación legal, mesmo nunha lei de bases, e da sistematización xurídica de conceptos tan dispares, a Asemblea legislativa de Galicia non pode renunciar a facer fronte común cos distintos sectores da nosa sociedade e esforzarse, aínda dentro das limitacións estatutarias e constitucionais evidentes, no proxecto de reanimar e sacar a este pobo dunha posible caída depresiva ó ver que os poderes estatais renuncian e mesmo traicionan os sagrados intereses deste pobo. Velái logo o sentido da proposición.

Título I. Política e instrumentos financeiros.

Capítulo I. Do Instituto Galego de Economía Pública.

Art. 1. En uso das potestades establecidas nos números 2 e 4 do art. 55 do Estatuto de Galicia, que faculta á Comunidade Autónoma galega para constituír, respectivamente, empresas públicas como medio de execución das funcións que sexan da súa competencia e mais institucións que fomenten a plena ocupación e desenvolvemento económico e social, creárase mediante lei do Parlamento de Galicia un Instituto Galego de Economía Pública (IGAEP).

Art. 2. O IGAEP será un organismo empresarial público de carácter autónomo, con participación de institucións financeiras galegas, dependente do Goberno galego e sometido na súa xestión ó control do Parlamento de Galicia.

Art. 3. O IGAEP terá como obxectivo da súa existencia e actuación a vertebración dun sector público no aparello productivo galego a prol do desenvolvemento económico endógeno e autocentrado de Galicia.

Art. 4.

P.1.— O IGAEP seguirá uns criterios de actuación deducidos da programación autónoma do crecemento económico polo Goberno galego, e que afortalen ou contrapesen, segundo conveñalle ó desenvolvemento da economía galega, as incidencias do marco establecido por instancias de decisión estatais ou supraestatais.

P.2.— Por ser un instrumento corrector mediante intervención empresarial pública alternativa, o IGAEP orientarase a facer efectivo un meirande grao de autonomía das decisións de política económica do Goberno galego no exercicio do seu poder económico discrecional.

P.3.— Así mesmo, o IGAEP fornecerá mecanismos para un control máis racional, na súa dimensión colectiva, dos efectos das decisións do Goberno galego en materia de intervención ou incidencia na empresa privada, cunha meirande cobertura da autonomía desas decisións verbo dos criterios de orixe pública ou privada alleos ás esixencias do desenvolvemento autocentrado da economía galega.

Art. 5.

P.1.— O IGAEP poderá e, no seu caso, deberá fomentar iniciativas empresariais concretas en colaboración cos Concellos, Mancomunidades e demais entes da Administración territorial ou organismos públicos sectoriais.

P.2.— Así mesmo o IGAEP poderá, cando as circunstancias así o aconsellen, e mediando autorización específica do Goberno galego, acudir cos seus medios en apoio de empresas ou sectores en crise, sempre que sexan recuperables e viables.

Art. 6. O Goberno elaborará de inmediato e someterá a aprobación do Parlamento de Galicia unha reformulación dos criterios da súa relación co ente SODIGA e da súa participación financeira nela, para facelas congruentes co disposto neste mesmo título da presente Lei.

Capítulo II. Do Plan de Desenvolvemento de Galicia.

Art. 7.

P.1.— O Goberno galego, nun prazo non superior a un ano, elaborará e presentalle ó Parlamento, en forma de proxecto de lei, un Plan de Desenvolvemento Económico de Galicia.

P.2.— O PDEG axustarase ós criterios e esixencias definitivas do desenvolvemento endóxico e autocentrado da economía galega.

P.3.— O PDEG dexerará un horizonte de quince anos para as variables estratéxicas cruciais e abranguerá un período de cinco anos na formalización completa do modelo macroeconómico que estableza.

P.4.— As directrices do PDEG serán vencellantes para a estrutura dos Presupostos da Xunta de Galicia que elabore o Goberno e aprobe o Parlamento galego en cada un dos cinco anos subseguintes á elaboración do Plan e correspondentes ó período quinquenal esta-

blecido no modelo macroeconómico completo do mesmo.

Capítulo III. Do Banco Público Galego.

Art. 8.

P.1.— O Goberno galego, nun prazo non superior a un ano, elaborará un proxecto conducente á creación dun Banco Público Galego, con base no previsto no art. 55 n.ºs 2 e 4 do Estatuto de Galicia. Esa institución financeira pública terá as facultades e funcións propias dun Banco de Estado en todo o que sexa permisible polos lindes de potestades e competencias autonómicas establecidas no Estatuto de Galicia.

P.2.— Para os efectos do disposto no parágrafo precedente, o Parlamento de Galicia requirirá do Parlamento español o desenvolvemento dos contidos previstos no art. 150 da Constitución española.

Art. 9.

P.1.— De xeito inmediato e mentres non se procede á creación do Banco Público Galego previsto e definido neste mesmo título da presente Lei, o Goberno galego dotarase, mediante aprobación parlamentaria, dos instrumentos e criterios de intervención no sistema de intermediarios financeiros galegos privados e para-privados, sexan Bancos ou Caixas de Aforros, acaídos para harmonizarlo funcionamento deses intermediarios financeiros coas esixencias de creación de capital e financiamento do investimento no aparello productivo a prol das necesidades prioritarias do crecemento e desenvolvemento endóxico da economía galega.

P.2.— Coa máxima urxencia o Goberno galego remitiralle ó Parlamento de Galicia información plena, sistematizada e detallada das modalidades e vieiros polos que se vehiculan a través da rede de intermediarios financeiros as disposicións de fondos públicos. O Parlamento, á vista desa información, dictaralle á Xunta de Galicia os criterios de racionalización na vehiculación e disposición deses fondos.

Capítulo IV: Da reforma das vías de financiamento.

Art. 10. Sen prexuício do modelo definitivo que o Parlamento de Galicia acorde postular para o financiamento da Comunidade Autónoma galega no marco presupostario do Estado español, o Goberno galego reformulará de inmediato os termos das negociacións co Goberno central do Estado sobre dese financiamento

con aplicación estricita nas súas formulacións dos seguintes criterios mínimos de revisión da situación actual:

1. Formular como horizonte inmediato a esixencia dunha distribución dos recursos estatais presupostados con destino a Galicia que supoña unha proporción porcentual mínima irreductible do 25% do total con destino á Administración autonómica galega, un 25% á Administración local sita no ámbito territorial galego e un máximo do 50% á Administración central nese mesmo ámbito territorial.

2. Esixi-la incorporación de novos indicadores no repertorio existente de baremos para a distribución territorial de fondos públicos do Estado por Comunidades Autónomas que reflexen e ponderen acadamente en función compensatoria e redistributiva para Galicia:

A) O déficit existente de equipamentos e servicios mínimos.

B) O nivel relativo da renda por habitante.

C) O acusado grao de ruralismo e dispersión na estrutura de localización do hábitat galego.

Art. 11. O Goberno galego presentará de inmediato perante as instancias do poder central do Estado o requirimento de revisión e revitalización do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), actualmente desnaturalizado verbo da súa auténtica índole e razón de ser e capitidiminuído na súa funcionalidade, incidencia e valencia redistributiva, para devolverlle a súa natureza e operatividade a prol da compensación das secuelas da condición periférica da economía e da sociedade galega.

Art. 12.

P.1.— O Goberno galego requirirá de inmediato do Goberno central do Estado español a revisión das condicións dos tributos cedidos á Comunidade Autónoma galega, que resulta lesiva, insuficiente e sesgada de cara a figuras tributarias de menor relevo a elasticidade da capacidade arrecadadora de recursos financeiros.

P.2.— Respecto do disposto no parágrafo precedente, o Goberno galego solicitará como mínimo a cesión efectiva da fase minorista do IVE, hoxe anulada pola proliferación dos reximes especiais nesa fase, dos que, caso de non haber outra solución técnica, deberá requiri-la abolición.

Art. 13. O Goberno galego procederá sen dilación a establecer criterios de xusticia, equidade e solidariedade na distribución e aplicación dos fondos públicos na Comunidade Autónoma galega. Para tal efecto abordará con carácter de absoluta urxencia as seguintes liñas de actuación:

1.º Dará cabo a un Proxecto de Lei de coordinación financeira das Deputacións provinciais e os Concellos entre si e coa Xunta de Galicia, que lle remitirá ó Parlamento de Galicia.

2.º Tratará de novo a formulación do Fondo de Solidariedade Interterritorial, de xeito que propice a súa ampliación ata convertelo nun instrumento eficaz para a finalidade enunciada na súa denominación.

3.º Elaborará, e someterá á aprobación do Parlamento de Galicia, os criterios acaídos para que os distintos proxectos de gasto, e primordialmente os de investimento, executados pola Xunta de Galicia incorporen un grao suficiente de igualdade progresiva tocantes á súa localización nos distintos concellos, mancomunidades e comarcas do país, e sexan eliminadas discriminacións por mor de intereses clientelistas ou ideolóxico-políticos entre eles.

Art. 14

P.1.— A remisión ó Parlamento de Galicia dos documentos resultantes das actuacións do Goberno galego que se preceptúan nos puntos 1.º, 2.º e 3.º do artigo precedente, para efectos da aprobación parlamentaria, deberá ser feita no prazo de catro meses dende a promulgación da presente Lei.

P.2.— Verbo da coordinación das Deputacións coa Xunta de Galicia, o Goberno galego, ademais do disposto no n.º 1, 1.º deste mesmo artigo, tomará a iniciativa de formula-la reforma do Estatuto de Galicia, no tocante á súa disposición adicional terceira, no senso de que en troques de a Xunta poder delegar nas Deputacións e cederlles exercicio de competencias propias dela, a transferencia sexa operada en senso inverso, das Deputacións cara ó Goberno galego.

P.3.— De non tomar esa iniciativa a Xunta no prazo de catro meses, tomaraa o Parlamento conforme ó previsto no art. 56,1 do Estatuto de Galicia.

Art. 15. O Goberno galego requirirá de inmediato perante o Parlamento español o desenvolvemento do previsto no art. 150 da Constitución española, a prol de

obter competencia para a participación da Comunidade Autónoma galega na negociación e conclusión de acordos económicos internacionais que atinxan ó comercio externo ou ó aparello productivo galego, sen o cal resultaría ilusoria toda capacidade de programación autónoma dunha política de desenvolvemento económico para Galicia.

Art. 16. O Goberno potenciará coa máxima urxencia o Centro de Información Estadística xa existente. En dúas fases sucesivas de seis meses procederá a dotalo da ampliación de persoal cualificado e medios técnicos, materiais e instrumentais para convertelo nun recurso de información estadística e procesamento de datos coa capacidade precisa e indispensable para a elaboración solvente por parte do Goberno galego da política económica e social e mais do PDEG previstos na presente Lei.

Título II: Dos sectores económicos con potencial de desenvolvemento.

Capítulo V: Definición, características e instrumentos de aplicación.

Art. 17

P.1.— Serán considerados sectores económicos con potencial de desenvolvemento, para os efectos do disposto na presente Lei, as ponlas de especialización productiva que resulten identificadas pola aplicación dos seguintes criterios definitorios:

1.º A existencia de potencial de forza de traballo de reserva na estrutura da poboación activa, esta ou non ocupada, contemplada en función do espectro laboral-profesional, das formas e graos de cualificación ou da súa inserción sectorial actual.

2.º A dotación de recursos naturais, recursos enerxéticos ou produtos primarios disponibles na base económica galega.

3.º O carácter de “export-base industries” ou ponlas sectoriais de base de exportación, potenciais ou xa existentes e ampliáveis.

4.º O carácter substitutivo de importacións, para a economía galega, dos seus produtos-tipo, sempre que sexa abondo relevante o seu valor estratéxico para o desenvolvemento autocentrado da economía galega.

5.º A súa posición chave na urdime das relacións intersectoriais “input-output” internas á base productiva galega, ou de acusada relevancia, para a densificación das mesmas ou para a redución da extravención desa mesma base productiva.

6.º A súa idoneidade para a creación de tecnoloxía ou para a recepción de transferencias de tecnoloxía de punta en condicións que preserven a súa autonomía económica e decisoria.

P.2.— Dos devanditos criterios, será precisa a conxunción dos dous primeiros entre si, ou a de cando menos un dos dous con calquera dos restantes, para a consideración dunha ponla productiva como sector económico con potencial de desenvolvemento.

Art. 18. Para os efectos de se traduci-lo desenvolvemento potencial en desenvolvemento efectivo dos sectores definidos como tales, a política económica do Goberno galego deberá ter primordialmente os seguintes criterios:

a) Os que se deduzan dos propios criterios definitorios enunciados na presente Lei para a identificación dos sectores con potencial de desenvolvemento.

b) Os que determinarán a morfoloxía interna dos novos sectores promocionados ou potenciados pola aplicación dos principios enunciados a seguir, a saber:

P.1.— 1.º Primar combinacións productivas intensivas en forza de traballo dentro de lindes racionais verbo da función técnica de produción; é dicir, por riba de soleiras de produtividade técnica obxectivamente fixadas en función da racionalidade social do anovamento do aparello productivo galego.

P.2. 2.º Potencia-la complementariedade das especializacións productivas da economía galega dentro da división internacional do traballo: a) a escada do ámbito do Estado español; b) en relación coa base económica de Portugal e singularmente coa de entre o Miño e o Douro; c) en relación coas economías do Terceiro Mundo e singularmente coas máis relevantes no espectro das partidas de importacións da actual balanza comercial galega.

P.3. 3.º Potenciar, de resultaren equiparados con outras alternativas por aplicacións dos demais criterios previstos nesta Lei, as ponlas manufactureiras ou de industria lixeira, agro-mar-industria e bens de equipo en modalidades como a máquina-ferramenta e as do eido da electrónica e da informática.

P.4.— 4.º Promocionar retículas de pequenas unidades de produción, cubertas, limiares dimensionais obxectivamente viables e razoables.

P.5.— 5.º Seguir modelos de localización descentralizada, orientados a poder ser en función da ubicación dos factores e recursos máis que do mercado, e compensatorios dos desequilibrios espaciais ou territoriais internos da economía galega na súa perspectiva dinámica.

Art. 19. Ademais do repertorio de resortes e instrumentos convencionais da política económica, o Goberno galego, no labor de promoción de sectores con potencial de desenvolvemento, para singularmente uso dos seguintes:

1.º Financeiros: resortes de encarreiramento do aforo popular; mecanismos de intervención cualitativa na funcionalidade das operacións activas, coeficientes de invasión e condicións crediticias dos intermediarios financeiros; política de avais da Administración autonómica ás empresas; constitución de fondos financeiros de promoción con recursos presupostarios ordinarios e por vía de emisión de débeda pública.

2.º Laborais: tendentes a encarreirar forza de traballo existente ou potencial por transvase intersectorial, a recolocar forza de traballo desempregada ou en paro encuberto, a programa-las liñas de Formación Profesional da nova oferta de forza de traballo ou de reciclaxe da existente, a impedi-la comprensión dos niveis dos salarios reais.

3.º Organizativo-empresariais: orientadas á reestruturación de unidades de produción viables en crise, á promoción das fórmulas cooperativas de traballadores nos eidos máis acaídos, á dotación de apoio loxístico público de asistencia en asesoramento tecnolóxico e comercialización.

Art. 20. Para efectos do desenvolvemento e posta en execución do contido das bases deste título, o Goberno galego procederá a elaborar, no prazo de seis meses, un anteproxecto de identificación, escolma e liña de promoción de sectores con potencial de desenvolvemento, que logo de informe da correspondente Comisión permanente do Parlamento de Galicia, se integrará e refundirá no proceso de elaboración do PDEG previsto no título II da presente Lei.

Título III. Das cooperativas obreiras, labregas e mariñeiras e dos artesáns.

Capítulo VI. Das cooperativas en xeral.

Art. 21.

P.1.— O Goberno galego, con base na previsión establecida no art. 55,3 do Estatuto de Galicia e nos 129,2 e 130,1 da Constitución española, abordará sen demora a elaboración dunha proposta de marco legal autóctono axeitado para o cooperativismo obreiro, labrego e mariñeiro, que lle remitirá ó Parlamento de Galicia en forma de proxecto ou proxectos de lei, para o conxunto ou para cada un deses tres sectores laborais, no prazo de un ano a partir da aprobación da presente Lei.

P.2.— A orientación da regulación legal a que se refire este artigo será a axeitada para que propicie e favoreza a promoción, potenciamento e densificación dun tecido razoablemete dimensionado e estruturado de cooperativas de produción, comercialización e servizos integrados por traballadores produtores directos, especialmente necesario en tempos de crise socio-económica como os actuais e cunha base socio-económica como a galega.

Art. 22. O Goberno galego estudiará de inmediato e propoñeralle ó Parlamento a creación dun Fondo de Promoción de Cooperativas e Sociedades Anónimas Laborais.

Art. 23

P.1.— O Goberno galego elaborará de seguida un plan de creación de escolas-obradoiro públicas, con emprego ben remunerado dos mellores artesáns como mestres, que se localizarán nas bisbarras e lugares xenuíños de cada caste de manufactura artesana e en todos eles.

P.2.— Sen prexuício do anterior, promocionarase a asociación cooperativa dos produtores artesáns.

Art. 24. Diseñarase o establecemento dunha organización pública galega de financiamento e comercialización da produción artesana, con control de calidade e garantía de orixe dos produtos, marxes comerciais estrictamente cinxidas ó custo de distribución, a reversión ós artistas artesáns produtores do rendemento neto da produción.

Capítulo VII: Das cooperativas obreiras.

Art. 25. A orientación política da promoción de cooperativas de traballadores deberá dirixirse primordial-

mente cara ós sectores económicos con potencial de desenvolvemento fundado na dotación de recursos naturais ou primarios e na estrutura actual da inserción sectorial da poboación activa galega.

Art. 26. Serán criterios relevantes a ter en conta na regulación da política promotora de cooperativas obreiras a cualificación da forza de traballo atinxida polo paro enxendrado pola crise actual, a magnitude dos coeficientes viables das relacións de complementariedade e de substitución traballo/capital técnico, a taxa financeira de investimento de capital por unidade de traballo cara ás actividades intensivas en forza de traballo e demais indicadores que favorezan a viabilidade económica de unidades de produción en forma de cooperativas obreiras. Nese senso terán prioridade relativa as ponlas dos sectores manufactureiro e de industria lixeira.

Capítulo VIII: Das cooperativas labregas e mariñeiras.

Art. 27. No mundo labrego do sector agrario os criterios de promoción das cooperativas inspiraranse na orientación do novo cooperativismo labrego de base que está a agromar espontaneamente na actualidade, potenciando a súa expansión no sector gandeiro, leiteiro e cárnico, a súa extensión a sectores aínda hoxe minoritarios de gran potencial de expansión e mutación cualitativa coma o hortofrutícola e o vitivinícola, e maila súa proxección ó eido da agroindustria e das cooperativas de servicios relacionados con eles.

Art. 28. Serán eidos de prioritaria consideración para a promoción do cooperativismo mariñeiro a reorganización da frota costeira e de pequena altura, o subsector marisqueiro en parques de cultivo e bancos naturais con pleno respecto do carácter comunitario destes últimos e maila acuicultura. Estudiaranse e deseñaranse as formas e modalidades de cooperativas máis acaídas para cada un deses eidos da actividade productiva mariñeira. Daráselles ás cooperativas mariñeiras participación e iniciativa na regulación de artes, rotacións e vedas de pesca e marisqueo.

Título IV. Do ordenamento territorial e medio ambiente.

Capítulo IX: Da Administración territorial.

Art. 29

P.1.— En uso das competencias exclusivas contidas no art. 27,2 do Estatuto de Galicia, e do concomitante-

mente establecido no seu art. 40,1., procederase de inmediato a recoñecer legalmente e dotar de organización e rexime xurídico as comarcas, como grandes unidades de base da Administración territorial.

P.2.— Así mesmo, en uso das mesmas competencias exclusivas contidas no art. 27,2 e concomitante artigo 40,3 do Estatuto, procederase de inmediato a recoñecer legalmente e dotar de organización e rexime xurídico as parroquias rurais, como unidades socio-territoriais elementais e entes básicos de organización social submunicipal fóra das grandes aglomeracións urbanas desta Comunidade.

P.3.— Para os efectos do disposto neste artigo, o Goberno galego començará de inmediato e con toda urxencia a elaboración das propostas de organización e rexime xurídico das comarcas e parroquias que, en forma de proxectos de lei, lles serán remitidas ó Parlamento de Galicia no prazo de un ano.

Art. 30

P.1.— O Goberno galego promocionará decididamente a constitución de mancomunidades de concellos en tódalas comarcas naturais ou "terras" de Galicia, e dotará de apoio efectivo a asunción por elas de tódolos servicios públicos que, pola súa índole ou polo seu custo económico, sobarden a capacidade normal de actuación de cada Concello membro.

P.2.— Nas comarcas onde xa teñan existencia formal mancomunidades, o Goberno galego promocionará e garantirá a súa existencia real e efectiva e, caso de resultar necesario, asumirá supletoriamente a súa defensa fronte a poderes locais de ámbito infra ou supracomarcal.

P.3.— O establecemento e funcionamento de mancomunidades comarcais de concellos non prexulgará necesariamente o deslinde territorial definitivo das comarcas para os efectos da organización e rexime xurídico previsto no art. 27,2 do Estatuto de Galicia.

Art. 31.

P.1.— Procederase de inmediato á creación dun Fondo de Cooperación Intermunicipal, como instrumento de solidariedade, inter-relación e compensación de desequilibrios entre os diversos concellos da nación galega.

P.2.— Para os efectos do disposto no parágrafo precedente, o Goberno galego elaborará, en contacto par-

participativo cos concellos do país, unha proposta que, en forma de proxecto de lei, lle remitirá ó Parlamento de Galicia no prazo de un ano.

Art. 32.

P.1.— O Goberno galego establecerá e poñerá en práctica, con toda urxencia, o repertorio de medidas necesarias para a erradicación da corrupción na práctica administrativa e de xestión dos órganos da Administración autonómica e local no ámbito da Comunidade Autónoma galega, e renderá periódica e puntualmente contas dos resultados desas medidas perante o Parlamento de Galicia.

P.2.— Así mesmo, o Goberno galego elevará ó límite das súas potestades as medidas sancionadoras en cada caso de corrupción detectado e comprobado nas Administracións autonómica e local, e tomará diligentemente iniciativas ó respecto perante os Tribunais de Xusticia en tódolos casos e aspectos nos que teña lexitimación sancionadora de seu.

Capítulo X: Da ordenación territorial e do urbanismo.

Art. 33.

P.1.— O Goberno galego procederá sen demora a subsanar as carencias e deficiencias hoxe existentes de normativa de planeamento territorial e urbanístico, sen que iso entrañe colisión coas competencias outorgadas á Administración local por normas de rango superior a esta Lei, mediante:

a) A elaboración, no prazo de un ano, de normas subsidiarias de planeamento de escala provincial nas tres provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo, que carecen das mesmas ou téñenas non aprobadas ou desfadas.

b) A elaboración, no prazo de dous anos, de normas subsidiarias de planeamento de escala comarcal, e deberase empezar por aquelas comarcas con fortes tensións interterritoriais.

P.2.— A Administración autónoma asumirá de inmediato a elaboración e aprobación do planeamento urbanístico de tódolos Concellos que, por calquera razón, non teñan xa ningún tipo de instrumento normativo urbanístico de carácter xeral.

Art. 34. Non se poderá aproba-la realización de ningún proxecto de media ou gran escala, sexa industrial ou de infraestrutura, no territorio galego sen que previamente se realice un coidado estudio dos impactos de todo tipo que tal proxecto conleve.

Art. 35.

P.1.— O Goberno galego procederá á redacción inmediata de plans especiais de protección e reforma interior, conxunta ou alternativamente, en tódolos concellos que teñen cascos históricos: a) declarados de interese; b) con incoación de expediente de declaración; c) con outras medidas de protección. A prelación seguirá-se, precisamente, pola orde que se acaba de enunciar.

P.2.— Así mesmo o Goberno Galego procederá á redacción inmediata de plans especiais de protección, conservación ou rehabilitación de todos aqueles elementos singulares do patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico declarados de interese, e comenará polos que teñen prevista a súa realización en estudos xa feitos.

P.3.— Sen prexuício do disposto no parágrafo precedente, o Goberno galego acometerá a ampliación de catalogación de elementos singulares do patrimonio artístico e arqueolóxico, coa conseguinte declaración de interese ata ser completa e exhaustiva a catalogación feita. Ese labor deberá estar razoablemente culminado nun prazo de dous anos.

P.4.— Igualmente elaborará o Goberno unha relación e demarcación de espazos naturais que hai que conservar polo seu valor e adoptará medidas drásticas de mantemento e control dos mesmos.

Art. 36. O Goberno galego procederá a encarga-la realización de significados proxectos arquitectónicos de gran riqueza conceptual para a resolución das diferentes necesidades actuais que ten que acomete-la Administración, expresión combinada de tradición e modernidade, para que sirvan de paradigma de tratamento do espazo propio e a prol da creación de novo patrimonio arquitectónico galego.

Art. 37. Tódolos traballos de planeamento deberán ser elaborados por equipos interdisciplinarios que fagan posible a contemplación territorial dende diferentes eidos, e que estean formados por profesionais de recoñecido prestixio e probada adicación ó servizo do país por enriba de calquera significación ideolóxica ou política.

Art. 38.

P.1.— O Goberno galego adoptará de inmediato o repertorio de medidas eficaces necesarias para evita-lo destrago e a espoliación do patrimonio artístico e arqueolóxico de Galicia, e daralle conta periodicamente deles e dos seus resultados ó Parlamento galego.

P.2.— O Goberno requirirá das instancias xudiciais e da Fiscalía da Audiencia Territorial de Galicia a incoación dunha investigación sistemática sobre da espoliación que está a sufrir-lo patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico da nación galega, para a subseguinte adopción de medidas administrativas e penais que procedan en Dereito ata a total erradicación desa espoliación.

Capítulo XI: Do medio ambiente e o saneamento.

Art. 39.

P.1.— O Goberno galego desenvolverá con toda urxencia o repertorio de medidas congruentes co contido no Dictame da Comisión non permanente do Parlamento de Galicia sobre da problemática dos incendios forestais, tanto no tocante á súa prevención coma á loita contra o lume declarado, ós impactos sobre do equilibrio ecolóxico, á recuperación dos montes queimados, á política forestal e mais á reestructuración administrativa precisa para compoñer unha organización específica adicada a esa problemática.

P.2.— En todo o que o desenvolvemento do contido do Dictame parlamentario referido no parágrafo precedente requira establecemento dunha normativa con rango de lei, o Goberno elaborará de inmediato os conseguintes proxectos de lei, que se tramitarán por vía de urxencia. Nas demais cuestións procederá con urxencia mediante normas directamene emanadas do Executivo.

Art. 40. Con especial urxencia o Goberno elaborará e remitiralle ó Parlamento de Galicia un proxecto de normativa legal reguladora de medidas económicas disuasorias da queima intencionada dos montes con móbiles especulativos sobre da madeira queimada. Nelas establecerase un mecanismo de intervención na compra de madeira queimada en incendios forestais.

Art. 41. Así mesmo con especial urxencia, e en todo caso con anterioridade ó advento da primeira estación seca a a partir da promulgación desta Lei, o Goberno Galego establecerá un sistema que garanta a actividade organizada de limpeza periódica dos montes dotados de

masas forestais madeirables, así como de utilización productiva da biomasa recollida mediante ese labor, con recuperación dos custos económicos do mesmo.

Art. 42. O Goberno galego procederá á creación dun centro regulador do mercado da madeira producida en solo forestal galego.

Art. 43

P.1.— O Goberno galego deseñará e promoverá de inmediato unha campaña diversificada e sistemática destinada á concienciación cidadá sobre da conservación e arriquecemento do medio físico-ambiental e o equilibrio ecolóxico.

P.2.— No contexto do establecido no parágrafo precedente, o Goberno galego deseñará e promoverá unha campaña específica de concienciación da terra como valor productivo agropecuario forestal, que o faga sobranceiro en importancia sobre doutros usos que se priman hoxe, edificatorios ou suntuarios.

Art. 44. O Goberno galego prestará atención, subvención e protección a todos aqueles grupos que se teñen significado ou se signifiquen no futuro na loita a prol da protección do medio e establecerá, pola contra, drásticas medidas coercitivas e represivas contra todos aqueles que o degraden.

Art. 45. O Goberno determinará a inclusión, en tódolos centros de ensino primario e medio, inicialmente con carácter voluntario e orientado a devir oportunamente obrigatorio, dunha materia sobre o Medio Físico e a súa importancia para a existencia social.

Art. 46. O Goberno galego realizará con toda urxencia proxectos de eliminación inmediata dos botadeiros de lixo incotrolados que inzan actualmente no territorio.

P.2.— A Adinistración autónoma abordará de inmediato o estudio acaído dos diferentes sistemas de tratamento de residuos sólidos para a urxente elaboración dun Plan de dotación de infraestrutura e instalacións ad-hoc cando menos a nivel comarcal en todo o territorio galego.

Art. 47. O Goberno autónomo procederá, escalonadamente pero con urxencia, a dotar de subvención a tódolos proxectos técnicos xa realizados de tramento integral de residuos líquidos que ofrezan as necesarias garantías técnicas, e mais ó encargo dos que poden poñer

remedio ás máis urxentes demandas: rías, grandes ríos, encoros e lagoas.

Art. 48. O Goberno galego estudiará con carácter urxente un sistema ou sistemas apropiados para a mellora do medio rural no que atinxe ó tratamento de residuos, segundo as características das distintas comarcas do país.

Art. 49. O Goberno abordará con urxencia e de xeito programado o establecemento de redes de captación e distribución de agua axeitadas a cada tipo de entidade de hábitat.

Art. 50

P.1.— O Goberno galego esixirá das empresas e factorías a corrección inmediata das insuficiencias e defectos que mostren as súas instalacións na eliminación da contaminación que provoca a súa actividade por mor de residuos de todo tipo, sexan sólidos, líquidos ou gaseosos.

P.2.— No seu caso, poderá concedérselles axuda para tal fin ás empresas que, non tendo resolto o problema da contaminación que orixinan, se achen en dificultades económicas ou técnicas para abordalo por si soas, sempre que resulte de interese social a súa existencia por razóns económicas ou laborais.

P.3.— As factorías que xeran unha contaminación insoluble, gravemente agresiva, ou a súa solución entraña un custo para as finanzas públicas galegas desproporcionado á forza de traballo por elas ocupada e ó valor engadido por elas xerado ou directamente inducido na economía galega, serán obxecto de traslado que elimine as devanditas causas ou, noutro caso, de expediente de peche e desmantelamento.

Título V. Servicios públicos

Capítulo XII: O ensino

Art. 51

P.1.— A Xunta de Galicia presentará antes do remate do presente período legislativo un plan de investimentos para os niveis de EXB, FP e BUP.

P.2.— O plan debe incluí-los proxectos de nova construción ou mellora dos actuais edificios nos que se imparten clases nos niveis reseñados. Do mesmo xeito o plan que se vai presentar debe incluí-la concreción dos

prazos parciais para a súa execución así como os criterios xenéricos de distribución dos fondos.

P.3. O prazo de execución final non superará o dos dous primeiros cursos escolares a partir da aprobación do plan e da súa consignación nos presupostos inmediatamente seguintes da Comunidade Autónoma. A súa dotación económica non debe ser inferior ós cen mil millóns de pesetas.

Art. 52. Dadas as específicas características de dispersión xeográfica e de deficiencias nas vías de comunicación e dos medios de locomoción, a Xunta de Galicia deberá de adoptar unha serie de medidas que a continuación se enumeran, no camiño de garantir de xeito efectivo o dereito básico ó ensino. Estas son:

1) Derrogación do Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia 203, do 12 de xuño do 86.

2) Presentación dun informe no Parlamento do seguimento e aplicación dos criterios que establece o Mapa Escolar de Galicia e a súa modificación se procede naqueles puntos que non garantan o dereito de todo alumno a un posto escolar no ensino público-estatal, paralelamente debe reducirse o número de alumnos por aula, buscando a equiparación cos criterios da UNESCO.

Art. 53. O Executivo galego debe presentarlle trimestralmente ó Parlamento un informe do seguimento que se realiza nos distintos niveis de ensino da súa competencia, o cumprimento adecuado das normativas referida á normalización do galego no ensino.

Art. 54. O Executivo debe presentar canto antes, e despois de consultados os distintos colectivos e sindicatos de ensinantes, ante o Parlamento o Proxecto do Estatuto do Profesorado Galego, atendendo os criterios básicos do corpo único e o de a igual traballo igual salario.

Capítulo XIII. Da cultura.

Art. 55. Tódalas institucións deben estar comprometidas no proceso de normalización lingüística. Á Xunta de Galicia correspóndelle a misión específica de velar pola aplicación e efectivización do proceso, por iso fai-se urxente a adopción dunha serie de medidas por parte do Executivo:

a) Elaboración dun decreto de axudas ós medios de comunicación audiovisuais e escritos. A filosofía que informe a adxudicación desas axudas debe vir dada en

función do uso efectivo e proporcionalmente ascendente do emprego que faga o medio. No decreto débense consignar as partidas presupostarias e o seu prazo de entrega.

b) Decreto emanado da Consellería da Presidencia no que se esixa o coñecemento do galego para entrar a formar parte da Administración pública galega.

c) A Xunta de Galicia apoiará o diálogo normativo que favoreza nun futuro non lonxano a unificación dos criterios normativizadores.

d) O Executivo debe propiciar acordos con institucións ou empresas sobre as que non exerza potestade decisoria co fin de asinar acordos e convenios de normalización e uso do idioma galego nas seccións ou dependencias que a mesma teña na Galicia.

Capítulo XIV. Da sanidade

Art. 56. A Comunidade Autónoma debe afrontar nos próximos catro anos un proxecto de adecuación ou acomodación da estrutura sanitaria á realidade xeográfica e demográfica de Galicia, polo que ademais de mellorar e aplicar-lo Mapa Sanitario se procederá a:

a) Afrontar un programa de investimentos que nunha primeira fase actúe sobre as seguintes necesidades:

— Creación de hospitais cabeceira de comarca onde sexan necesarios, atendendo a dispersión xeográfica e demográfica.

— Mellora e dotación da rede primaria de asistencia.

b) O programa enumerado debe presentarse no Parlamento inmediatamente despois de recibidas as transferencia do INSALUD e o seu contido debe contemplar as distintas fases e prazos de execución.

Título VI. Organismos que se deben crear

Capítulo XV: Do Instituto de Estudos do Territorio

Art. 57. O Executivo galego remitirá na presente lexislatura un proxecto de lei que regule a organización, funcionamento do Instituto de Estudos Territoriais. Someterase en todo caso ós criterios que a continuación se enumeran:

1) O IET ten como causa do seu nacemento a necesidade de contemplar-lo territorio como un soporte de ac-

tividades productivas da máis diversa índole, pero paralelamente constitúe o patrimonio cultural e o medio no que se proxectan e desenvolven as actividades de ocio e formativas.

2) Ten como obxectivo básico a coordinación técnica de tódolos estudos e proxectos necesarios para a corrección de rumbo no eido da política territorial.

3) Organicamente dependerá da Consellería da Presidencia, aínda que funcional e operativamente estará coordinado con outras Consellerías con competencias na materia.

4) Os aspectos fundamentais sobre dos que centre a súa actividade serán:

- Directrices territoriais de Galicia.
- Realización do planeamento comarcal.
- Planeamento urbanístico.
- Infraestrutura.
- Tratamento integral na defensa do patrimonio.

Capítulo XVI:

Do Centro de Desenvolvemento Económico e Tecnoloxía Aplicada

Art. 58. O Centro de Estudos para o Desenvolvemento Económico e Tecnoloxía Aplicada é o instrumento que permitirá o estudo sobre os distintos sectores da economía, así como servir de revulsivo na transformación tecnolóxica da nosa estrutura productiva. A lei que se remita ó Parlamento para a súa creación e posta en funcionamento debe ter en conta necesariamente os seguintes principios:

a) O seu carácter xurídico será o dun organismo autónomo, con órganos propios e autonomía limitada.

b) A súa creación favorecerase mediante un convenio coa Universidade, no que cada unha das partes debe poñerse de acordo sobre as dotacións presupostarias e o seu grao de autonomía.

c) As súas funcións serán fundamentalmente:

— Emitir informes e colaborar nos proxectos das distintas Consellerías e presentarlle propostas ó Consello Social da Comunidade Autónoma.

— Realizar estudos de mellora nas técnicas de produción.

— Realizar estudos sobre a agricultura, industria e minería, tanto sobre o seu estado actual coma sobre a súa evolución.

— Outras que estableza o propio organismo.

Título VII Sectores en crise

Capítulo XVII O agro. O leite

Art. 59. A política deseñada neste título debe pasar por arbitrar medidas que axuden á recuperación e desenvolvemento do mesmo asumindo os criterios que se informan no presente artigo e que serán recollidos nun necesario desenvolvemento decretal e lexislativo.

1) Na medida en que o Goberno autónomo asuma as competencias que se prevén no art. 15 do presente proxecto de lei, en relación co art. 150 da Constitución, permitirá negocia-la cuota de produción leiteira e unha adecuada substitución polos precios diferenciados ou "quantum". Mentres tanto o Executivo asumirá e defenderá ante os organismos centrais as propostas que o sector demande.

2) O Executivo defenderá e potenciará a consolidación interprofesional galega do leite. As decisións tomadas por este organismo deben ser reguladas por contratos homologados, sendo a Administración galega responsable do seu cumprimento.

3) Asemade, a Administración intervirá na rede de distribución e recollida do leite co fin de garantir mediante unha racionalización das mesmas, unha adecuada calidade do produto e dos seus derivados.

Outros subsectores

Art. 60. A política do Executivo, sen prexuício de regulado no título II da presente proposición de lei, aplicará con carácter urxente as seguintes medidas que se enumeran:

1) Axuda á especialización das explotacións de produción cárnica, incrementando os pastos e forraxes así como as cabezas de gando, mediante unha política crediticia máis adecuada.

2) Un plan de feira, mercados e matadeiros que racionalicen o mercado da carne. Este plan presentarse ante o Parlamento galego dentro do período correspondente á presente lexislatura.

3) Elaboración dunha liña de axudas para a cría de razas autóctonas. Especialmente no gando vacuno.

4) Campaña de saneamento integral que abrangue á totalidade da cabana e na cal teñan participación os sectores implicados. O seu seguimento farase a tres niveis: parroquial, municipal e provincial.

5) Ordenación do sector vitivinícola con base nos seguintes puntos:

— Incremento de superficie productiva.

— Recuperación de cepas autóctonas e funcionamento eficiente da Estación Enolóxica do Ribeiro e instalación doutras en áreas de superficie productiva potencial.

Medidas financeiras

Art. 61. A política financeira do Executivo xirará ó redor dos seguintes criterios básicos:

1) Dentro dos criterios establecidos no art. 12 do párrafo 1.º do presente proxecto de lei, a Comunidade Autónoma tratará de asumir-lo meirande nivel de competencias fiscais referidas ó sector. Mentres tanto a acción de goberno estará encamiñada a presionar para a supresión da cuota empresarial da Seguridade Social agraria e a rebaixa doutro tipo de tributos, coa orientación e sentido redistributivo.

2) O Executivo arbitrará unha política unificada de concesión de créditos e subvencións encamiñadas a elimina-la perniciosa situación de diversidade que actualmente existe. O Executivo nun prazo non superior a tres meses remitiralle ó Parlamento un proxecto de lei que regule as condicións para recibir eses créditos.

Capítulo XVIII Da industria. Criteros básicos

Art. 62. A política económica que o Goberno galego instrumentará cara ós sectores en crise que nos artigos seguintes se enumeran xirará ó redor da idea de frea-la destrución económica do sector, reorienta-los posibles excedentes de traballo e adecuar tecnoloxicamente os mesmos dentro das súas posibilidades.

Sector siderúrxico

Art. 63. As medidas que se deben adoptar neste sector serán globalmente do tipo seguinte:

a) Dentro do establecido no título I, capítulo I, art. 1 do presente proxecto de lei, a intervención do capital público galego dirixirse a:

— Mantemento da produción actual de corrugado e alambión baseándose na infraestrutura e en Siderúrxi-ca de Galicia, S.A. (SIDEGASA).

— Incorporación, así mesmo, da transformación e trefilado do aluminio.

b) Facilitar mediante contratos ou convenios con em-presas públicas ou privadas a construción naval e do automóbil, de aceiros e planchas.

Sector naval

Art. 64. A política do Executivo neste sector xirará ó redor dos seguintes criterios:

a) Dirixir unha actividade política encamiñada á mo-dernización da frota galega.

b) Fabricación en Galicia dos "inputs" que permitan unha actividade máis completa e coherente.

c) Dentro das competencias establecidas no artigo 15 do presente proxecto de lei, as negociacións para a for-malización de contratos dirixiranse a países non pertencentes ó ámbito da CEE.

d) Despois dun estudio adecuado das posibilidades e viabilidades dunha determinada empresa, instrumenta-rase unha política de subvención que permita rebaixar ou facer desaparecer os déficits existentes nas empresas en crise.

e) A Xunta de Galicia propoñerá e o Parlamento ga-lego aprobará, mediante un proxecto de lei, os plans de viabilidade e de prioridades das empresas insertas no sector público galego.

Outros sectores en crise:

Art. 65. Conservas de peixe.

O Executivo galego, tendo en conta os criterios que abaixo se enumeran, elaborará un plan de adecuación e reconversión no sector para as empresas que se inclúan no sector público galego:

a) Eliminación dos aranceis da CEE.

b) Unificación das marcas.

c) Subvención ou aceite.

d) Reorientación do sector cara ás conservas horto-frutícolas.

Art. 66. Textil e comercio.

A Xunta de Galicia presentará no prazo dos tres pró-ximos meses un Proxecto de Lei do Comercio Interior, que se orientará a frea-la entrada indiscriminada das grandes superficies comerciais de carácter monopolista, que, abusando das leis de mercado, obstrúen a viabili-dade dos pequenos comercios. Os criterios básicos des-ta lei serán:

a) Regulación da xornada laboral impedindo a aper-tura dos comercios en domingos e festivos.

b) Política de exencións fiscais que non grave despro-porcionalmente ó sector.

Disposición Adicional única

As disposicións da presente Lei que entrañen dota-ción de fondos públicos para medidas urxentes en ma-teria de problemas económicos, sociais ou culturais le-varán aparellado o carácter vinculante na inserción das conseguintes partidas nos Presupostos Xerais da Co-munidade Autónoma para 1988 e 1989, todo iso sen prexuício do establecido nesa mesma Lei verbo do Plan de Desenvolvemento da Economía Galega (PDEG).

Así mesmo terán idéntico carácter vencellante e goza-rán ademais de prioridade as previsións financeiras que resulten precisas a prol da execución económica das dis-posicións contidas na presente Lei verbo da interven-ción urxente en empresas ou sectores actualmente en crise.

Disposición Derradeira

A presente Proposición de Lei de medidas urxentes para a recuperación e desenvolvemento dos eidos eco-nómico e socio-cultural na Galicia, sen prexuício das normas lexislativas e decretais que na mesma se propoñan, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 1987.

Asdo.: **Xosé M. Beiras Torrado**

Deputado do Bloque Nacionalista Galego

(G.P. Mixto)

Camilo Nogueira Román

Portavoz do G.P. Mixto